



ACORDO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA DE A CORUÑA

BASES REITORAS DO ACORDO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA SANITARIA DE A CORUÑA.

PRIMEIRA. Concepto e características da mobilidade voluntaria provisional.

1. Aos efectos do presente Acordo, enténdese por mobilidade voluntaria provisional o procedemento de provisión no que a/o profesional participa voluntariamente, co fin de acadar unha adscrición provisional a outra praza da mesma categoría profesional e réxime xurídico, dentro do ámbito territorial da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da área de A Coruña (no sucesivo EOXI), nos ámbitos de atención primaria e especializada.
2. O citado procedemento levarase a cabo polo sistema de concurso de méritos, de xeito que garanta a calidade e a continuidade asistencial dos Servizos e Unidades.
3. As adscricións resultantes do mesmo terán en todo caso carácter provisional, é dicir, en tanto non se proceda á cobertura regulamentaria das prazas afectadas ou se perda o destino provisional adxudicado polas causas legalmente establecidas.

SEGUNDA. Ámbito obxectivo do procedemento de mobilidade voluntaria provisional.

1. Os/as aspirantes poderán solicitar destino provisional nos Centros de atención primaria e/ou hospitalaria.
Na Estrutura de Xestión Integrada da área sanitaria de A Coruña enténdese por Centros diferenciados aos que se pode optar:
 - no ámbito de atención especializada: CHUAC, Hospital Virxe da Xunqueira e os Centros de Especialidades de Betanzos e Carballo
 - no ámbito de atención primaria: cada un dos Centros de Saúde e PAC da área sanitaria de A Coruña. Nos centros de atención primaria diferenciarase segundo o réxime de quendas, agás nos puntos de atención continuada.
2. Só poderán ser obxecto de cobertura por este procedemento as prazas básicas de cada categoría que estean ou debeñan vacantes



ACORDO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA DE A CORUÑA

- (entendendo como tal vacantes puras, sen cobertura por persoal interino).
3. Ao profesional que teña acadado destino provisional consonte ao procedemento determinado neste Acordo seralle reservada a súa praza no Centro de orixe. No ámbito de atención especializada a reserva de posto de orixe será consonte ao establecido nas bases de mobilidade interna en vigor.
 4. Para a cobertura de prazas referidas no punto 2º desta Base segunda aplicarase o procedemento de mobilidade contemplado neste Acordo con preferencia a calquera outro sistema de provisión de prazas de carácter temporal ou provisional.

TERCEIRA. Ámbito subxectivo de aplicación.

1. Poderá acceder aos sistemas de mobilidade regulados no presente acordo, nos termos e condicións previstos nel, o persoal fixo ou propietario que teña praza con destino definitivo no ámbito da EOXI de A Coruña. Quedan excluídas do ámbito deste acordo as categorías profesionais de Facultativo de atención especializada.
2. Na categoría profesional de Médicos/as de Familia e de Enfermaría será indispensable, para optar a prazas en Centros docentes de atención primaria, sempre e cando se vexa comprometida a Unidade docente, a acreditación que habilite á función docente como titor/a de Medicina familiar e comunitaria e de enfermeiro/a especialista en Enfermaría familiar e comunitaria, ou ter iniciados os trámites para obter dita acreditación. Este requisito deberá acreditarse para resultar adxudicatario/a da praza.

CUARTA. Requisitos e condicións de participación.

1. Para poder participar no procedemento de mobilidade voluntaria será necesario reunir os seguintes requisitos:
 - a. Ser persoal fixo da categoría, na que se pretende a mobilidade, con destino definitivo na citada categoría nalgún Centro pertencente á EOXI de A Coruña.



ACORDO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA DE A CORUÑA

- b. Estar en situación de servizo activo na categoría na que se pretende a mobilidade.
 - c. Posuír a capacidade funcional para exercer as funcións do novo posto.
 2. Quedan expresamente excluídos da participación nos procedementos de mobilidade regulados no presente acordo:
 - a. O persoal en situación de reingreso provisional ao servizo activo.
 - b. O persoal que se encontre en comisión de servizos:
 - O persoal en centros pertencentes á EOXI de A Coruña procedente doutra área sanitaria.
 - O persoal da EOXI de A Coruña que se atope en comisión de servizos noutra área sanitaria.
 - O persoal da EOXI de A Coruña que estea adscrito, un período de tempo inferior a dous anos mediante comisión de servizos, a unha praza como consecuencia do procedemento de mobilidade voluntaria provisional regulado no presente Acordo.
 3. O persoal que desempeñe postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde ou que se atope exento da prestación de servizos por acumulación de crédito horario sindical ou goce de permiso sindical retribuído a tempo total, poderá participar no procedemento. Sen prexuízo do anterior, a toma de posesión do destino eventualmente adxudicado comportará a renuncia ao seu posto de xefatura ou coordinación ou a renuncia á exención da prestación de servizos por acumulación ou do goce de permiso retribuído a tempo total.
 4. Os requisitos da Base cuarta punto 1 deberán cumprirse no último día do prazo de inscrición (na primeira vez que se convoque dito procedemento), e posteriormente irán referidos á data de xeración das listaxes e manteranse ata o día da adxudicación do destino provisional.

QUINTA. Procedemento de elaboración de listas.

As listas reguladas no presente Acordo terán carácter aberto e permanente e serán obxecto de actualización semestral.

1. Instancia de participación.



ACORDO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA DE A CORUÑA

As persoas interesadas en formar parte das listas deberán cubrir un formulario de inscrición, a través do FIDES, que deberán presentar por rexistro. Rexistrarán no FIDES/expedient-e os requisitos de participación e méritos que posúan e deberán acreditarlos documentalmente, ante unha unidade de validación, mediante orixinal ou copia compulsada para cada mérito. Non será necesaria a acreditación documental dos requisitos e méritos que aparecen validados no FIDES/expedient-e.

Na inscrición faranse constar expresamente o/s Centro/s aos que se opta dos referidos na Base segunda, e no caso de Centros de atención primaria, tamén a quenda.

2. Rexistro e acreditación de requisitos e méritos.

As persoas aspirantes poderán presentar solicitude de inscrición en calquera momento sen suxeición a prazo, excepto na primeira vez que se convoque o procedemento, que se disporá dun prazo de 15 días para formular a primeira inscrición de mobilidade voluntaria provisional.

3. Os/as aspirantes que figuren admitidos na última lista en vigor elaborada a través do presente Acordo e non desexen efectuar ningunha modificación nas condicións de participación no proceso anterior, non terán a obriga de formalizar unha nova inscrición.

4. Se a persoa aspirante desexa efectuar algunha modificación ou desistir da mesma, deberá facelo a través do FIDES modificando o formulario de inscrición, que deberán presentar por rexistro.

5. Xeración e publicación de listas.

Elaboraranse e publicaranse nos taboleiros de anuncios da EOXI de A Coruña e na páxina do Espazo Profesional, as listas de aspirantes admitidos no presente procedemento.

Antes da publicación da lista definitiva, se publicará unha lista provisional de cada categoría, establecendo un prazo de reclamacións de 5 días hábiles desde a publicación desta última.



SEXTA. Procedemento de oferta e adxudicación de prazas provisionais.

1. A oferta de vacantes será mensual. Publicaranse na primeira quincena de cada mes as vacantes xeradas no mes anterior. Unha vez publicitadas nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Espazo do profesional da EOXI A Coruña, procederase á oferta das mesmas e ulterior adxudicación, conforme ao procedemento descrito, antes do remate da 2ª quincena.
2. A orde de prelación dos/as aspirantes virá determinada pola puntuación acadada conforme ao baremo descrito na base oitava. As prazas ofertaranse aos/as aspirantes que acrediten a maior puntuación para cada un dos Centros que tiveran solicitado.
3. O/a aspirante deberá optar, no momento do chamamento, pola aceptación ou non do ofrecemento de cobertura con carácter provisional da praza no Centro onde marcou a súa preferencia.
4. A aceptación polo/a aspirante da praza ofertada, terá carácter voluntario, e polo tanto a non aceptación non suporá penalización.
5. A aceptación da praza ofertada comportará a adxudicación provisional da mesma.
6. Unha vez adxudicada a praza, a súa incorporación será obrigatoria de conformidade coa Base décima primeira deste Acordo.
7. A renuncia a un destino adxudicado suporá a imposibilidade de participar nos procedementos de mobilidade voluntaria provisional nos termos recollidos na Base décimo primeira.

SÉTIMA. Comisión de Seguimento do presente Acordo.

Crearase unha Comisión paritaria composta por representantes da administración e das centrais sindicais asinantes do Acordo.



ACORDO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA DE A CORUÑA

OITAVA. Baremo de méritos.

Os méritos suxeitos a avaliación serán os causados e acreditados polas/os aspirantes ata o día inmediatamente anterior á data de actualización das listaxes.

En caso de empate na puntuación final, resolverase a favor do/a aspirante que acredite máis tempo traballado como persoal estatutario fixo na categoría nas institucións sanitarias do sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo económico europeo/Suíza. De persistir o empate, resolverase a favor do concursante que acade a maior puntuación na epígrafe de experiencia profesional. Por último, decidirá a maior idade.

As solicitudes serán avaliadas de conformidade co seguinte baremo:

1. Experiencia profesional.
 - a. Por cada mes completo con vínculo fixo na categoría no sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo económico europeo/Suíza: 0,60 puntos/mes
 - b. Por cada mes completo con vínculo fixo noutra categoría no sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo económico europeo/Suíza: 0,25 puntos/mes
 - c. Por cada mes completo con vínculo temporal na categoría no sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo económico europeo/Suíza: 0,30 puntos/mes
 - d. Por cada mes completo con vínculo temporal noutra categoría no sistema sanitario público dun país da Unión Europea/Espazo económico europeo/Suíza: 0,10 puntos/mes

Os servizos prestados con nomeamento de atención continuada ou gardas en urxencias extrahospitalarias, computaranse co criterio de equivalencia dun mes completo por cada 130 horas traballadas no dito mes, ou a parte proporcional que corresponda á fracción. Se dentro dun mes natural se realizaron máis de 130 horas, soamente poderá valorarse un mes de servizos prestados, sen que o exceso de horas efectuado poida ser aplicado para o cómputo de servizos prestados noutro mes.

2. Coñecemento da lingua galega.



ACORDO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA DE A CORUÑA

- a. Curso Celga 2 ou Celga 3, iniciación da lingua galega ou equivalente: 5 puntos
- b. Curso Celga 4, perfeccionamento da lingua galega ou equivalente: 10 puntos.

NOVENA. Adxudicación de destinos provisionais no ámbito da EOXI de A Coruña.

A adxudicación de posto en mobilidade voluntaria provisional nun Centro distinto do ámbito do nomeamento, instrumentarase mediante comisión de servizo ou figura equivalente.

DÉCIMA. Cesamento e incorporación.

A incorporación ao destino adxudicado será obrigatoria e levarase a cabo, con carácter xeral, nos seguintes quince días naturais dende a data de adxudicación, sempre que así o permitan as necesidades asistenciais.

As incorporacións e cesamentos xerados na execución do presente procedemento non darán lugar ao desfrute de ningún tipo de permiso, licenza ou prazo posesorio específico derivado do mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRA. Renuncia ao destino provisional.

A renuncia a un destino provisional adxudicado consonte a este procedemento, con independencia de que se teña producido ou non a incorporación, suporá a imposibilidade de participar nos procedementos de mobilidade voluntaria provisional que se convoquen durante dous anos contados dende a data da renuncia expresa ao destino provisional adxudicado (das/os incorporadas/os), ou desde a data na que se debería ter tomado posesión do mesmo (data de resolución definitiva do procedemento) .

Permitirase a renuncia sen penalización, si se producise unha vez transcorridos dous anos de desenvolvemento efectivo e continuado da praza desde a data de toma de posesión do destino provisional adxudicado.



DÉCIMO SEGUNDA. Perda do destino provisional adxudicado.

Os destinos provisionais adxudicados consonte ao presente procedemento perderanse:

- a) Por deixar de pertencer de xeito sobrevido aos colectivos incluídos no ámbito de aplicación subxectivo do Acordo, determinados na súa Base terceira, ou pola perda sobrevida dos requisitos e/ou condicións de participación establecidos na súa Base cuarta.
- b) Pola cobertura regulamentaria do posto en virtude de oferta de emprego público ou concurso de traslados.
- c) Pola cobertura regulamentaria do posto en virtude do procedemento de traslados internos hospitalarios con carácter definitivo.
- d) Por obter destino noutro posto de traballo diferente ao destino provisional adxudicado, mesmo en comisión de servizos, ou en promoción interna temporal de longa duración, en libre designación ou mediante declaración de servizos especiais, ou, en xeral, de calquera xeito que resulte incompatible co desenvolvemento efectivo do destino provisional adxudicado, xa sexa en Centros pertencentes ou non á EOXI de A Coruña.
- e) Por reestruturación de postos de traballo que afecte ao centro de destino provisional.
- f) No suposto de que a persoa adxudicataria denote unha manifesta e probada inadaptación ou falta de integración ao posto, suposto no que se inclúe o manifesto incumprimento dos obxectivos asistenciais, logo do informe emitido polo responsable da Unidade ou Servizo correspondente. Neste suposto, tras ser oída a persoa interesada e o pertinente acordo da Comisión de mobilidade voluntaria provisional, poderase proceder á revogación da súa adxudicación.

DÉCIMO TERCEIRA. Traslados internos hospitalarios.

1. O procedemento de mobilidade voluntaria provisional na EOXI de A Coruña regulado no presente Acordo é independente dos procedementos de traslados internos hospitalarios, aos que non substitúe nin afecta.
2. O persoal que con destino definitivo en institucións hospitalarias, acade destino provisional noutro Centro mediante o procedemento regulado no



ACORDO DE MOBILIDADE VOLUNTARIA PROVISIONAL NO ÁMBITO DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DE XESTIÓN INTEGRADA DA ÁREA DE A CORUÑA

presente Acordo, ademais da reserva de praza na súa institución de orixe garantida na Base segunda deste Acordo, gozará de reserva do seu posto de traballo, sempre que o tivese adquirido con carácter definitivo, durante o tempo que as disposicións reguladoras dos traslados internos hospitalarios establezan.

DÉCIMO CUARTA. Vixencia.

O presente acordo terá unha vixencia indefinida, podendo ser revisado mediante proposta das partes asinantes.

De existir denuncia da vixencia deste Acordo, prorrogarase a súa efectividade ata a formalización dun novo Pacto que o substitúa, tras a negociación correspondente.

Polas centrais sindicais:

A Coruña, 27 de xaneiro de 2017

Xerente de Xestión Integrada

Asdo.- Francisco José Vilanova Fraga



Xerencia de Xestión Integrada
A Coruña

XERENCIA

CC.OO.

CESM-O'MEGA

CIG

María J. Seijo Borde

SAE

Paulo Arce de Santiago

UXT

Gimena Pérez.